

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS DO SAF

1º-INTRODUCCIÓN

A Lei 39/2006 do 14 de Decembro, establece un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos do servizo de axuda no fogar de maneira que sen prexuízo da autonomía municipal na configuración concreta e na xestión do servizo, se establezan pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención as persoas con limitación da autonomía persoal.

O art. 12 prevé que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención as persoas en situación de dependencia de acordo coa normativa das súas respectivas comunidades autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribue.

En canto o desenvolvemento en Galicia da Lei, O Decreto 15/2010, regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito a prestación do sistema para a autonomía e atención a dependencia. No art. 3 da mesma inclúese no Catálogo de Servizos do Sistema para Autonomía e Atención a Dependencia o Servizo de Axuda no Fogar.

A lei 13/2008 do 3 de Decembro, de Servizos Sociais, establece como obxectivo do sistema galego de Servizos Sociais, a garantía da vida independente e autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, integrando, a estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema de autonomía e atención a dependencia.

A Orde do 22 de Xaneiro do 2009 regula o servizo de Axuda no Fogar (SAF), na Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto no art. 11 regula as formas de prestación do servizo, contemplando a posibilidade da contratación da xestión a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

2º-OBXECTO

O obxecto do presente contrato é a prestación dos servizos de Axuda no Fogar, mediante o acceso por libre concurrencia e para persoas en situación de dependencia.

O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións as persoas no seu domicilio desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de de estruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retrasando a súa posible insritucionalización.

Este servizo ten a consideración básica de Servizos Sociais Comunitarios inserta no sistema integrado de servizos sociais con planificación, coordinación e control público a través do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra.

3º- OBXECTIVOS:

-Garantir os dereitos das persoas en situación de dependencia, nos termos sinalados na Lei 39/2006.

-Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

-Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual, retrasando ou evitando na medida do posible a institucionalización.

-Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

-Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

-Proporcionar a atención necesaria ás persoas dependentes, facilitando o descanso e respiro dos seus cuidadores.

-Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

-Favorecer a adquisición de habilidades, que permitan un desenvolvemento máis autónomo na vida diaria.

3º-BENEFICIARIOS:

O Servizo está dirixido prioritariamente a aqueles cidadáns que presten disfuncións ou discapacidades que lle limite a súa autonomía persoal e a súa capacidade de realción social e que teñan dificultade para procurar o seu benestar físico, social e psicolóxico. O servizo está aberto a tódalas persoas ou unidades de convivencia para as que dacordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idoneo de atención. De xeito particular:

-Persoas con resolución de grao e nivel de dependencia e con PIA resolto, no que se estableza como recurso idoneo o SAF.

-Persoas maiores con déficits de autonomía persoal ou en situacións de desventaxe social.

-Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio familiar.

-Familias en risco de exclusión social ou destrutturación, e nas que é necesaria unha resposta preventiva e rehabilitadora

3º.-PRESTACIÓNS:

As atencións terán un carácter complementario e non substitutorio das capacidades do usuario e doutras persoas do seu contorno inmediato de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Poderan prestarse os seguintes tipos de atencións:

3.1.-Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

3.1.1.-Asistencia para levantarse e deitarse.

3.1.2.-Apoio para o aseo persoal, así como para vestirse.

3.1.3.-Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

3.1.4.-Supervisión e control da administración de medicamentos prescritos polos facultativos.

3.1.5.-Apoios para cambios posturais e mobilizacións.

3.1.6.-Apoio para cabio de pañal e aseo.

3.2.- Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

3.2.1.-Acompañamentos fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

3.2.2.-Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

3.3.-Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

3.3.1.-Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

3.3.2.-Compra de alimentos, e outros produtos de uso común.

3.3.3.-Preparación de alimentos.

3.3.4.-Lavado e coidado das prendas de vestir.

3.3.5.-Coidados básicos da vivenda.

3.3.- Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

3.4.- Atencións de carácter complementario:

3.4.1.-Actividades de compañía, fomento de ocupación e ocio, acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

4°.-LUGAR E PRESTACIÓN DO SERVIZO:

O servizo prestarase dentro do domicilio e no término municipal do Concello de Vedra, agás as correspondentes a realización de xestións, trámites administrativos e burocráticos, visitas médicas, farmacia, recetas, compras, etc.

5°.-PERFIL AUXILIARES:

As auxiliares de axuda no Fogar contarán coa titulación requirida dacordo co contemplado na Orde de 22 de Xaneiro de 2009, reguladora deste servizo a nivel autonómico así como a normativa laboral específica a nivel autonómico e local.A empresa adxudicataria deberá manter un programa de formación continuada do persoal contratado.

6°.-SUBROGACIÓN DE PERSOAL:

O Concello seguirá , ata a resolución desta adxudicación , coa execución directa do servizo. O persoal co que conta actualmente deberá ser subrogado a empresa adxudicataria coas mesmas condicións laborais.

7°.-UNIFORME:

O persoal da empresa adxudicataria prestará o Servizo no Concello de Vedra debidamente uniformado no que conste o escudo do Concello de Vedra e a lenda coa identificación do “Servizo de Axuda no Fogar” facilmente lexible.

8º.-ORGANIZACIÓN E CONTROL:

O Concello correpondelle, a a través do/a Traballador/a Social do Departamento de Servizos Sociais:

-A recepción da demanda, valoración, deseño do proxecto de intervención, elaboración do Plan de Traballo(tarefas, intensidade e horario), seguimento e proposta de modificación ou suspensión.

- A comunicación da relación de beneficiarios (altas e baixas, modificacións) e data de inicio.

-Control e inspección facultativa do servizo obxecto deste contrato.

9º.-RELACIÓN E COORDINACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VEDRA E A ENTIDADE ADXUDICATARIA:

-A entidade adxudicataria asignará un técnico diplomado en Traballo Social que exercerá as funcións de coordinación e control do correcto desenvolvemento das prestacións asignadas e elaborará un informe bimensual de seguimento correspondente a cada caso así como a reunións de coordinación necesarias coa Traballadora Social responsable do Concello.

-A entidade adxudicataria comunicará a maior brevedade posible calquera incidencia grave producida no desenvolvemento da prestación do servizo a fin de adoptar as medidas necesarias en cada caso.

-A adxudicataria do servizo deberá facer os mínimos cambios de auxiliar a fin de evitar desorientacións e alteracións na atención do usuario.

-A empresa adxudicataria deberá cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e hixiene no traballo, referentes ó persoal contratado e respectar os convenios colectivos en vigor.

-A entidade adxudicataria e o personal que empregue obriganse ó cumprimento estrito das normas vixentes en materia de protección e tratamento de datos de carácter personal así como o segredo profesional .

10º.-HORARIO: De 8 a 20 horas de luns a venres. No caso de persoas valoradas como dependentes poderase flexibilizar dito horario (ata as 22 horas), e ampliar a cobertura a tódolos días do ano.

11º.-CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONTRATO:

O contrato que regula as presentes cláusulas ten natureza administrativa, e como tal as cuestións que se poidan plantexar dilucirase nesta vía. Unha vez esgotada procederase ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no seu caso.

No non previsto nas presentes cláusulas estarase ó establecido nas disposicións en vigor.

12º.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

12-A .- PROXECTO TÉCNICO

1.- A memoria da prestación deberá contemplar a organización, xestión, metodoloxía, fundamento do servizo, protocolos de seguimento e coordinación cos Servizos Sociais comunitarios, resolución de queixas, promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia e adecuación do proxecto á realidade social.....(ata 6 puntos).

12-B.-RECURSOS TÉCNICOS E MATERIAIS asignados ó servizo.....(ata 2 puntos).

12-C.-RECURSOS HUMANOS

Persoal técnico complementario non obrigatorio en plantilla para apoio do servizo.....(ata 2 puntos).

12-D.-FORMACIÓN PARA A RECICLAXE PROFESIONAL

-Para favorece-la calidade do servizo e para a reciclaxe profesional dos traballadores/as auxiliares de axuda a domicilio en plantilla..... (ata 2 puntos).

12-E.-SISTEMA DE XESTIÓN DE CALIDADE

1.-Sistema para garantir a calidade do servizo con indicación de mecanismos de control e avalicación de xestión, sistemas para avaliación da calidade da atención, percepción e satisfacción do usuario. Valorarase positivamente que a empresa conte co certificado de calidade ISO, así como a certificación na norma UNE “servizos para a promoción da autonomía persoal, xestión do Servizo de Axuda no Fogar”.....(ata 4 puntos).

12-F.- ESTABILIDADE NO EMPREGO.....(ata 2 puntos).

12-G.- EXPERIENCIA DE TRABALLO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE IDÉNTICA NATUREZA..... (ata 2 puntos)

12-H.-SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL (mínimo 150.000,00 €). (*)

12-I.-Mellora prezo/hora (ata 2 puntos)
(Media aritmética)

12-J.- MELLORAS RELATIVAS Á COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN DO SERVIZO(ata 2 puntos)

12-K.- OUTRAS MELLORA (ata 2 puntos)

PREZOS MÁXIMOS:

13 +1,04 (8%IVA)=14,04€.	Para libre concurrencia de lúns a sábado ata as 14 horas
13 + 0,52 (4%IVA)=13,52 €.	Para dependencia de lúns a sábado ata as 14 horas
15 +0,6 (4% IVA)=15,6 €.	Para dependencia sábados a partir das 14 horas, domingos e festivos

ORZAMENTO BÁSICO DE LICITACIÓN

IMPORTE: 308.256,00 €. + IVA 15.300,48 €. = 323.556,48 €.

(*): NON PUNTÚA. OS LICITADORES DEBEN TER UN SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL MÍNIMO DE 150.000,00 EUROS